

MEMORIA 2022

**ANPA O
CASTIÑEIRO**



D. NÚMERO DE PERSOAS ASOCIADAS

A ANPA dispón de un número de 38 familias asociadas para o ano 2022.

E. NÚMERO ESTIMADO DE PERSOAS QUE SE BENEFICIARÁN DA AXUDA

De xeito directo, gran parte das nosas actividades foron destinadas á totalidade do alumnado, familias e profesorado do C.E.I.P. Eladia Mariño, sempre en estreita colaboración co profesorado e xunta directiva do centro, estimando ao redor de 200 persoas beneficiarias da nosa actividade.

Asimesmo, realizamos difusión a través das diferentes redes da entidade, tanto das actividades propias, como as organizadas polo Concello destinadas á comunidade educativa do centro. Facendo uso da lingua galega e prestando especial coidado no uso dunha linguaxe non sexista en todas as nosas publicacións.

<http://ocastineiro.blogspot.com/>

https://www.instagram.com/anpa_o_castineiro/

<https://www.facebook.com/anpaocastineiro>

A. DENOMINACIÓN DE PROXECTO

PATIOS VIVOS



Colaboración
entidades
SEDEGA
EUROEUME
CONCELLO DE
CABANAS

B. DESCRICIÓN DAS ACTIVIDADES E DATAS

- Creación de espazo de xogos tradicionais a través de SEDEGA co cofinanciamento da Asociación de Desenvolvemento Rural Euroeume. (xaneiro)
- Obradoiro interxeneracional de cestería para a creación de cabana de vimbio, a través de La Parabólica. (febreiro)
- Educar na Natureza con Katia Hueso, con servizo de ludoteca a cargo de espacio vivo, coa colaboración do Concello de Cabanas. (30 setembro)

C. DATAS E LUGAR DE REALIZACIÓN


CEIP ELADIA MARIÑO

XANEIRO-FEBREIRO-SETEMBRO 2022



A. DENOMINACIÓN DE PROXECTO

IGUALDADE



B. DESCRICIÓN DAS ACTIVIDADES

- Celebración do día de a muller e a nena na ciencia coa compra dos libros de Pioneiras.(13 febreiro)
- Perspectiva transversal en toda a actividade.

C. DATAS E LUGAR DE REALIZACIÓN

CEIP ELADIA MARIÑO

XANEIRO-DECEMBRO 2022



A. DENOMINACIÓN DE PROXECTO

EDUCACIÓN AMBIENTAL



Colaboración
entidades
EUROEUME
BETULA
MUIÑO DE
TON
CONCELLO DE
CABANAS

B. DESCRICIÓN DAS ACTIVIDADES

Elaboración casiñas de paxaros e morcegos por parte do alumnado (febreiro).

Creación de composteiro en colaboración con Euroeume por parte do alumnado. (abril)

Creación pousada de insectos en xornada interxernacional con familias. (9 abril)

Prantación de flores coa colaboración do concello por parte do alumnado (abril)

Participación do proxecto ríos e custodia do río Dana por parte do alumnado, en colaboración con Euroeume e Betula, no muiño de Ton. (Xuño e Outubro)

C. DATAS E LUGAR DE REALIZACIÓN

CEIP ELADIA MARIÑO


MUIÑO DE TON

FEBREIRO – OUTUBRO 2022



A. DENOMINACIÓN DE PROXECTO

CULTURA



Proxecto en
común con
Cabanas Rural
Asociación de
Mulleres

B. DESCRICIÓN DAS ACTIVIDADES

- Celebración letras galegas cunha xornada de xogos coa participación de todo alumnado, desenvolto por Brazolinda + agasallo de 6 xogos a elexir polo alumnado. (maio)
- Celebración esfolla con todo o alumnado, en colaboración con Cabanas Rural Asociación de Mulleres.
- Perspectiva transversal en toda a actividade.

C. DATAS E LUGAR DE REALIZACIÓN

CEIP ELADIA MARIÑO

MAIO -OUTUBRO 2022





A. DENOMINACIÓN DE PROXECTO

SAÚDE ESCOLAR

Proxecto en
común con
Agrupación de
Montaña e
escalada
Bestarruza

B. DESCRICIÓN DAS ACTIVIDADES

- Ecovisita a Casa Grande de Xanceda, coa participación de 36 persoas.
- Obradoiro de escalada coa agrupación de montaña e escalada Bestarruza, coa participación de 29 persoas.

C. DATAS E LUGAR DE REALIZACIÓN

CASA GRANDE DE XANCEDA 27 MARZO

PAVILLÓN MUNICIPAL O CRISTO 3 DE XUÑO



A. DENOMINACIÓN DE PROXECTO

MURALISMO

Proxecto
cofinanciado
pola
Deputación
da Coruña

B. DESCRICIÓN DAS ACTIVIDADES

Peche de curso, cunhas xornadas lúdico festivas dirixidas a toda a comunidade educativa. Cun contido de innovación artística, en cuxo deseño participou todo o alumnado, e a pintura dun mural participativo coordinado por Leandro Lamas, no que participaron 57 persoas

C. DATAS E LUGAR DE REALIZACIÓN

PAREDE ENTRADA AO CENTRO EDUCATIVO
XUÑO 2022



A. DENOMINACIÓN DE PROXECTO

CO-RESPONSABEIS

Financiado
pola Secretaría
Xeral de
Igualdade da
Xunta de
Galicia

B. DESCRICIÓN DAS ACTIVIDADES

Ludoteca: Creación dun espazo educativo, cívico e de calidade, co galego como lingua vehicular a perspectiva de xénero e a ecoloxía como liñas de traballo transversais.

Plan de formación: Coidados (co) responsábeis, no que definiránse as metas (modelo de responsabilidade compartida) as dificultades para atinxilas (nomeadamente a culpa) e algunhas medidas que nos permitan superar ditas dificultades.

C. DATAS E LUGAR DE REALIZACIÓN

CEIP ELADIA MARIÑO

OUTUBRO – DECEMBRO 2022

Ludoteca Samain

O horario da ludoteca será de 9:30 a 14:30 horas con madrugadores dende as 7:30 e almorzo con produtos ecolóxicos e locais.

(En caso de superarse as prazas ofertadas, a selección farase atendendo aos criterios marcados polo anuncio.)

Reserva de praza:
anpa.o.castineiro@gmail.com
antes do 24 de Outubro

GRUPO	Edades	Horario
GRUPO 1	3 a 4 anos	9:30-14:30
GRUPO 2	5 a 6 anos	9:30-14:30
GRUPO 3	7-8 anos	9:30-14:30
GRUPO 4	9 anos	9:30-14:30

11 NOVEMBRO: LUDOTECA SAN MARTIÑO

9:30-14:30
SERVIZO ALMOZZO DENDI
AS 7:30

San Martiño, peóns do camiño

Reserva de praza:
anpa.o.castineiro@gmail.com
antes do 7 de novembro

No caso de superarse as prazas ofertadas, a selección farase atendendo aos criterios marcados pola Xunta

LUDOTECA DECEMBRO

9.30H. - 14.30H.
Posibilidade servizo almorzo dende as 7.30h

- 23 Creamos o noso agasallo e xogos de inverno
- 27 Xogos de programación, lego WEDO e experimentos
- 29 Búsqueda na natureza e xogos inclusivos
- 26 Creamos o noso xogo e xogos populares
- 28 Obradoiro papel reciclado, xabóns e xogo de pistas rastreobotánico
- 30 Circuito vial e gran festa de fin de ano

Reserva de praza antes do 9 de decembro en
anpa.o.castineiro@gmail.com

Faladoiro sobre:
COIDADOS CO-RESPONSABEIS

CON LOLA FERREIRO DÍAZ

Falaremos sobre a dobre xornada, coresponsabilidade e coidados. Definindo as metas (modelo de responsabilidade compartida e de coidado), as dificultades que hai para atinxilas e algunhas medidas que nos permiten superar as ditas dificultades

2 DECEMBRO 18:00H
CEIP ELADIA MARIÑO

Inscripción: anpa.o.castineiro@gmail.com

CON SERVIZO DE LUDOTECA A CARGO DE ESPAZO VIVO

A. DENOMINACIÓN DE PROXECTO

ECOCOMUNIDADE ESCOLAR. TEMPO DE COMUNIDADE, COMUNIDADE A UN TEMPO

Proxecto
financiado
por Voz
Natura

B. DESCRICIÓN DAS ACTIVIDADES

Dotación dun equipamento para o centro a través do cal coñecer e interpretar o clima de xeito significativo coa colocación dunha estación meterolóxica.

Ecoauditoría do CEIP, que recolla temas como os residuos, auga, enerxía, medios de transporte, material escolar, infraestrutura, convivencia e entorno. Levado a cabo pola comunidade educativa do centro

C. DATAS E LUGAR DE REALIZACIÓN

CEIP ELADIA MARIÑO

DECEMBRO 2022